

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

RESOLUCIÓN do 2 de agosto de 2021, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pola que se publica a Resolución do 29 de xullo de 2021 de concesión das axudas convocadas ao abeiro da Orde do 30 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2021 (código de procedemento BS306B).

Mediante a Orde do 30 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2021 (*Diario Oficial de Galicia* número 90, do 14 de maio), establécese o réxime de concesión e apróbase a convocatoria do procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove para a posta en marcha de iniciativas xuvenís durante o ano 2021.

De conformidade co artigo 19 da citada orde, o órgano competente para resolver, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social, será a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Así mesmo, o artigo 12 establece que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos e as correspondentes resolucións deste procedemento. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do contido íntegro da Resolución do 29 de xullo de 2021 de concesión das axudas convocadas ao abeiro da Orde do 30 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2021 (código de procedemento BS306B), que se recolle no anexo á resolución.

Segundo. Comunicar que a resolución de concesión das axudas, que finaliza este procedemento, esgota a vía administrativa e que contra ela se poderá interpor potestativa-

CVE-DOG: tvf1vph0-jae9-ir9-1wz0-1ymvp87fiwr7



mente recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Esta resolución tamén poderá ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza, o órgano contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2021

Cristina Pichel Toimil
Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

ANEXO

Resolución do 29 de xullo de 2021 de concesión das axudas convocadas ao abeiro da Orde do 30 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2021 (código de procedemento BS306B)

Mediante a Orde do 30 de abril de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* nº 90, do 14 de maio) establecéronse as bases reguladoras e convocouse o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove para a posta en marcha de iniciativas xuvenís durante o ano 2021.

Unha vez comprobadas as solicitudes polo órgano instrutor, examinadas pola Comisión de Avaliación as admitidas a trámite e emitido por esta o informe referido no artigo 16.7, á vista da proposta de resolución formulada polo órgano instrutor, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e atribuída a competencia para resolver, por delegación da conselleira de Política Social, segundo o disposto no artigo 19.1 e na disposición adicional segunda,

RESOLVO:

Primeiro. Concederlles a axuda ás asociacións, federacións e grupos informais de mozas e mozos recollidos no anexo I, na contía sinalada para cada entidade ou grupo e en aplicación dos criterios de avaliación e prelación establecidos nos artigos 16 e 17, por un importe total de 397.686,56 €.

Segundo. Establecer a lista de reserva que se recolle no anexo II, de acordo co artigo 18.2 e coa orde de prelación establecida no artigo 16.7.



Terceiro. Denegarlles a axuda ás asociacións e aos grupos informais de mozas e mozos recollidos no anexo III, por non acadar o proxecto presentado a puntuación mínima de 50 puntos exixida no artigo 17.

Cuarto. Denegarlles a axuda ás asociacións recollidas no anexo IV, polo incumprimento do requisito sinalado no artigo 5.5 da orde de convocatoria.

Quinto. Inadmitir a trámite as solicitudes das asociacións e dos grupos informais de mozas e mozos recollidos no anexo V, con indicación da causa concreta que motiva a inadmisión.

Sexto. De conformidade co artigo 19.3, a entidade ou grupo beneficiario disporá dun prazo de dez días, desde a publicación da resolución de concesión, para realizar algún dos seguintes trámites mediante a presentación do anexo V:

a) Renunciar á subvención concedida se, por calquera circunstancia, non pode realizar o proxecto subvencionado, tendo en conta o establecido no artigo 5.4.

b) Solicitar o anticipo previsto no artigo 26.2. Para iso deberá presentar ademais:

1º. O anexo X debidamente cuberto. No caso dos grupos informais, todas as persoas que o compoñen deberán ser titulares da conta bancaria e asinar este anexo.

2º. Os certificados de estar ao día no pagamento á Seguridade Social e no pagamento das débedas á Administración pública da Comunidade Autónoma, só no caso de que se opuxesen expresamente á súa consulta automática no trámite de solicitude.

3º. O certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT, só no caso de que non desen o consentimento expreso para realizar a consulta no trámite de solicitude.

Transcorrido o prazo de dez días, non se admitirán máis solicitudes de anticipo.

Sétimo. A data límite para presentar a xustificación da subvención é o 15 de outubro de 2021.

Xustificarase a totalidade do proxecto subvencionado, para o cal se deberá achegar a documentación relacionada no artigo 20.



Oitavo. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderase interpor potestativamente recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Esta resolución tamén poderá ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza, o órgano contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Noveno. A publicación desta resolución producirá os efectos de notificación, nos termos establecidos no artigo 12 da orde de convocatoria e no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2021. A conselleira de Política Social. P.D. (Artigo 19 da Orde do 20.12.2019), Cristina Pichel Toimil, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. P.A. (Disposición adicional primeira do Decreto 216/2020), Jacobo José Rey Sastre, director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

ANEXO I Axudas concedidas

Orde de prelación	Expediente	Solicitante	Representante do grupo informal	NIF	Puntos	Importe concedido (€)
1	2021/1	Asociación Colectivo Espazo 16		G94155298	90	5.000,00
2	2021/69	Centro Juvenil Don Bosco de Santiago de Compostela		G15071566	90	5.000,00
3	2021/92	Asociación Xuvenil Arousa Moza		G94157963	87,5	5.000,00
4	2021/9	Asociación Cultural e Xuvenil Rebulir		G32378960	87,5	4.975,00
5	2021/8	ASDE Scouts de Galicia		G70305008	85	5.000,00
6	2021/38	Cacholastolas	Margarida Rodríguez Tilve	***9072**	85	5.000,00
7	2021/25	Agolada Quere Música	Regina Goris Castro	***5244**	82,5	5.000,00
8	2021/30	Asociación Ocionautas		G94114022	82,5	4.986,00
9	2021/52	Grupo Informal Santo Vello	Martín Rivas Vázquez	***7227**	80	5.000,00
10	2021/40	Asociación Simbiose		G70592985	80	3.149,78
11	2021/16	Aula Futura	Adrián Ferreiro Salgado	***5797**	80	4.950,00
12	2021/45	Asociación Recreativa e Cultural Sueste		G36472306	80	4.539,18
13	2021/36	Asociación Sociocultural Entropía		G05462312	80	4.735,00

CVE-DOG: tvf1vph0-jae9-ir9-1wz0-1ymvp87fiwr7



Orde de prelación	Expediente	Solicitante	Representante do grupo informal	NIF	Puntos	Importe concedido (€)
14	2021/98	Asociación Recreativa e Cultural Marexada		G36980605	80	5.000,00
15	2021/74	Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia		G15299357	80	5.000,00
16	2021/17	Asociación Cultural e Deportiva Vella Escola		G36597714	80	4.850,00
17	2021/76	Asociación Amigos da Terra		G32242422	77,5	5.000,00
18	2021/95	Asociación Xuvemprende		G32469694	77,5	5.000,00
19	2021/70	Asociación Sustinea		G32422834	77,5	5.000,00
20	2021/72	Asociación Conciencia Galicia		G06814198	77,5	5.000,00
21	2021/96	Asociación Cultural Xaquedrum		G27336353	77,5	5.000,00
22	2021/11	Federación Scouts de Galicia		R1500317A	77,5	1.824,00
23	2021/20	Creando Educación Social	Lucía Fernández Coutado	***9584**	77,5	5.000,00
24	2021/43	The Line	Nicolás Hermida López	***4205**	77,5	5.000,00
25	2021/55	Artesa Colectiva	Mariña Longa Iglesias	***0031**	77,5	4.625,00
26	2021/24	Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela		R1500053B	77,5	5.000,00
27	2021/44	Asociación Cultural Jóvenes Científicos y Emprendedores Atlantic		G32407611	75	5.000,00
28	2021/53	Asociación Musical Cultura Tirante		G94081809	75	5.000,00
29	2021/6	Asociación Xeración		G70385091	75	5.000,00
30	2021/58	Asociación Escuela Familiar Agraria Fonteboa		G15059876	75	4.960,00
31	2021/5	Agrupación Folklórica Queixumes dos Pinos		G32224198	75	4.985,25
32	2021/34	Integrados, Asociación para a Atención e Integración de Persoas con TEA ou Discapacidade		G15973357	75	4.950,00
33	2021/65	Grupo Informal Monitorado Activo	Andrea Estefanía Solís Iglesias	***1402**	75	5.000,00
34	2021/7	Asociación Down Pontevedra Xuntos		G36164887	72,5	5.000,00
35	2021/93	Asociación Cultural Prestadora de Servizos á Xuventude Pesquede-las		G42985846	72,5	5.000,00
36	2021/26	CIMO Entidad Prestadora de Servizos		G32010449	72,5	4.457,60
37	2021/2	Asociación Íntegro da Persoas con Diversidade Funcional da Costa da Morte		G15173263	72,5	5.000,00
38	2021/77	Asociación Acción Solidaria Galicia (Asdegal)		G27727593	72,5	5.000,00
39	2021/28	Asociación Ourensá de Esclerosis Múltiple, ELA, Párkinson y Otras Enfermedades		G32209983	72,5	3.325,08



Orde de prelación	Expediente	Solicitante	Representante do grupo informal	NIF	Puntos	Importe concedido (€)
40	2021/41	Asociación Sociocultural de Minusválidos (ASCM)		G15161573	72,5	4.946,00
41	2021/67	Club de Montañeros Celtas		G36637890	72,5	4.420,00
42	2021/81	Eido Cultural	Sofía García Álvarez	***7172**	72,5	5.000,00
43	2021/50	Arelas, Asociación de Familias de Menores Trans		G27820182	72,5	4.970,00
44	2021/42	Asociación Xuvenil Os Gaiteiros		G32270423	72,5	4.980,00
45	2021/21	Equipo GaliArt	Antonio Casal Lores	***8157**	70	5.000,00
46	2021/78	Percal Lab	Noemí Parga Iglesias	***9553**	70	4.996,90
47	2021/68	Mozas Emprendedoras do Rural a prol da Conciliación	Rocío Outomuro Ledo	***5542**	70	5.000,00
48	2021/48	ONG Mestura para a Integración das Persoas Inmigrantes e Emigrantes		G15940414	70	5.000,00
49	2021/75	Cruz Roja Española-Cruz Vermella Xuventude		Q2866001G	70	5.000,00
50	2021/14	Asociación de Pais e Alumno Armando Cotarelo Valedor do CPI de Boimorto		G15433238	70	5.000,00
51	2021/111	Mocidade Cabaqueira	José Alonso Martínez	***7415**	70	5.000,00
52	2021/37	Asociación Medioambiental Amabul		G15925209	70	5.000,00
53	2021/32	Asociación Érguete Baixo Miño		G36124279	70	5.000,00
54	2021/94	Censea		G70529920	67,5	5.000,00
55	2021/62	Asociación Periodística de Estudos y Comunicación		G70448345	67,5	4.496,04
56	2021/73	GandeirXs Tecnolóxicos	Javier Pérez Veiga	***5375**	67,5	5.000,00
57	2021/35	Escola de Tempo e Aire Libre Néboa		G15409063	67,5	4.175,00
58	2021/31	Asociación Síndrome de Down Lugo		G27202043	67,5	5.000,00
59	2021/60	Asociación Cultural, Deportiva e Xuvenil Acuxuve		G70481221	67,5	5.000,00
60	2021/18	Aspnais Asociación de Padres y/o Tutores de Personas con Discapacidad intelectual de Lugo		G27018365	67,5	2.789,77
61	2021/19	Escola Familiar Agraria A Cancela		G36060341	67,5	5.000,00
62	2021/99	Asociación Grupo Scout ILEX 695		G32466187	67,5	5.000,00
63	2021/89	Asociación Cultural Deportiva Xuvenil de Ser		G70300736	65	5.000,00
64	2021/63	Asociación Cultural Os Tres Reinos		G32345274	65	5.000,00
65	2021/71	Asociación Solidariedade Internacional Galicia		G36833648	65	4.406,96
66	2021/97	Acción Social por la Juventud		G70611439	65	5.000,00
67	2021/15	Asociación Xuvenil Xuntanza Xuvenil		G36744951	65	5.000,00



Orde de prelación	Expediente	Solicitante	Representante do grupo informal	NIF	Puntos	Importe concedido (€)
68	2021/57	Federación Galega de Bandas de Música Populares		G15110893	65	5.000,00
69	2021/29	Down Compostela		G15587355	65	2.980,00
70	2021/39	Asociación Cultural e Xuvenil Muíños		G70218383	65	5.000,00
71	2021/64	Asociación Xarela Formación-Animación		G32261307	65	4.995,00
72	2021/10	Asociación de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual, Aspas		G15031537	65	5.000,00
73	2021/79	Asociación para a Prevención e a Educación Social		G32383549	65	3.544,00
74	2021/23	Down Vigo Asociación para Síndrome de Down		G36697324	65	5.000,00
75	2021/13	Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Regoa		G15051741	65	3.015,00
76	2021/90	Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia		G15450828	65	4.850,00
77	2021/4	Asociación Cultural e Xuvenil Río Gallo de Cuntis		G36405769	62,5	5.000,00
78	2021/27	Asociación de Personas con Discapacidad de Ourense		G32410797	62,5	5.000,00
79	2021/108	Asociación Xurés Xoven		G06813703	62,5	5.000,00
80	2021/59	Jóvenes Colaborando en la Creatividad e Innovación en el Rural	Juan Sebastián Blanco López	***5752**	60	4.900,00
81	2021/85	Instituto Galego de Nova Política		G42917781	60	5.000,00
82	2021/3	Asociación Xuvenil Amencer		G32025405	57,5	2.990,00
83	2021/33	Asociación Xuvenil Atlántica		G70563663	57,5	2.000,00
84	2021/106	Grupo Xove Mambare	Sofía Gutiérrez Pereira	***2009**	57,5	1.920,00
85	2021/83	Asociación Cultural Xuvenil Ateibo		G27013309	57,5	5.000,00

ANEXO II

Lista de reserva

Orde de prelación	Expediente	Solicitante	Representante do grupo informal	NIF	Puntos	Orzamento (€)
1	2021/102	Fénix	Irene Domínguez Estévez	***6357**	57,5	5.000,00
2	2021/47	Asociación Juvenil Abertal		G36633394	55	4.340,00
3	2021/61	UFO Espazo Creativo	Gema Míguez Rodríguez	***2174**	52,5	3.084,00
4	2021/66	Asociación de Movilidad Humana para la Colaboración y el Desarrollo		G70464334	52,5	5.000,00
5	2021/12	Cáritas Diocesana de Lugo		R2701016D	52,5	5.000,00
6	2021/84	Asociación Xuvenil de Estudiantes do IES nº 1 do Carballiño		G32498826	52,5	2.000,00

CVE-DOG: tvf1vph0-jae9-ir9-1wz0-1ymvp87fiwr7



Orde de prelación	Expediente	Solicitante	Representante do grupo informal	NIF	Puntos	Orzamento (€)
7	2021/104	Asociación Feitizo		G70550710	50	5.000,00
8	2021/80	Asociación Limisi		G32302671	50	5.000,00

ANEXO III

Solicitudes denegadas por non acadar a puntuación mínima de 50 puntos

Expediente	Solicitante	Representante do grupo informal	NIF	Puntos
2021/56	Grupo Juvenil Cooperando con la Igualdad de Género	Yoselin Luzmila Chicasaca Flores	***4312**	45
2021/109	Asociación Deportiva Capoeira Angola		G70238746	32,5
2021/110	Asociación Cultural O Castro		G36116879	32,5

ANEXO IV

Solicitudes denegadas por incumprimento do requisito do artigo 5.5

Expediente	Solicitante	NIF	Motivo
2021/86	Asociación de Estudiantes de Intercambio de Santiago de Compostela	G70521240	Débedas coa AEAT
2021/107	Asociación de Escolas Familiares Agrarias Piñeiral	G15058977	Débedas coa AEAT

ANEXO V

Solicitudes non admitidas a trámite

Expediente	Solicitante	Representante do grupo informal	NIF	Causa
2021/22	Asociación Xuvenil Imaxina e Axuda		G94192960	Non censada e non presentada electronicamente
2021/46	Asociación de IEEE Uvigo		G27876929	Non censada
2021/49	Grupo Informal Implícate	Andrea Piñeiro Puente	***9362**	Unha persoa membro empa-droada fóra de Galicia
2021/51	Novas Xeracións	Carlos Rivas Cordal	***8363**	Unha persoa membro non cumpre o requisito de idade
2021/54	ValoReSC Innovation		G70377585	Non presenta o proxecto
2021/82	Asociación Xuvenil, Cultural e Deportiva A Rumboia		G06837611	Non censada
2021/87	Agrupación Xuvenil Brigantium		G15404403	Non cumpre o requisito da idade das persoas membros nas asociacións xuvenís
2021/88	Asociación Agrupación Sociocultural Banda Artística de Merza		G36018695	Non censada
2021/91	Tiam Gz	Matías Ezequiel Zelarayán Velasco	***8271**	Número de persoas membros inferior ao mínimo requirido
2021/100	Orquesta Clásica de Vigo		G36688422	Non censada e non presenta o proxecto



Expediente	Solicitante	Representante do grupo informal	NIF	Causa
2021/101	Gaming Dungeon	Roi Valiño López	***5141**	Unha persoa membro non cumpre o requisito de idade
2021/103	Asociación A Xesteira		G36258960	Non cumpre o requisito da idade das persoas membros nas asociacións xuvenís
2021/105	Asociación Instituto para el Desarrollo del Talento		G94163367	Non censada
2021/112	La 10 Producciones	Alejandro Vargas Vizoso	***7411**	Solicitud fóra de prazo
2021/113	3D_Tui	Andrés Vargas Vizoso	***7411**	Solicitud fóra de prazo

